

NÚMERO 15/19

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2019.

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día sete de novembro de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os/as sres./sras. concelleiros/as D^a. María Pilar Taibo Fernández, D. Xosé Fernando Fariña Andrade, D^a. Rebeca Mouriño Neira, D. Francisco Xosé Montouto Pérez, D^a. Ana Paola Mondaca González, D^a. María Soraya Salorio Porral, D^a. María José García Freire, D^a. María Carmen Pose Varela, D. José Luis Tellado Villares, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. María Pardo Fafián, D^a. Isabel Reimúndez Suárez, D^a. Laura Rodríguez Pena, D^a. María Nogareda Marzoa e D. Breogán Blanco González, asistidos polo Secretario Accidental da Corporación, D. Juan Esteban Méndez Leiva. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-

Non está presente D. Manuel López Losada, quen renunciou a súa acta de concelleiro.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior, núm. 14/2019.-

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, núm. 14/2019, do 26 de outubro de 2019.-

2º.- IDAE 2019: Proxectos de aforro e de eficiencia enerxética de iluminación pública. Medida 6.-

O sr. Fariña Andrade comeza sinalando que o Concello despois de optar a unha primeira liña de axudas do IDAE, tendentes á implantación dunha economía baixa en carbono, renovou a climatizadora da piscina municipal, atópase agora no proceso de substitución integral da envolvente térmica do CEIP Pedro Barrié de la Maza, e a instalación de dúas bombas de calor para a Casa da Cultura, así como a substitución de 1.400 luminarias, o que suporá un aforro nas arcas municipais e unha mellora notable no impacto que no medio ambiente tiñan os equipamentos substituídos. Dado que moitas das luminarias presentan difusores deteriorados, sucios ou mesmo rotos, que aumentan a contaminación luminosa, e dado que este tipo de luminarias non producen o nivel esixido polo regulamento para a iluminación de eficiencia enerxética nas instalacións de iluminación exterior, o Goberno Municipal trae a Pleno unha segunda liña de axudas do IDAE, referidas ás instalacións de alumeado público, sendo o obxectivo a renovación total ou parcial do alumeado exterior, coa finalidade de reducir o consumo de enerxía final e as emisións de CO₂, cambiando as luminarias existentes por outras de tecnoloxía LED, tendo como obxectivos: a redución do consumo de enerxía eléctrica da instalación reformada, a redución de enerxía primaria e dos gases de efecto invernadoiro, cumprir as esixencias lumínicas do regulamento de eficiencia enerxética en relación coas instalacións de alumeado exterior, regular o nivel de iluminación segundo diferentes horarios nocturnos e segundo os tipos de vías, e regularizar as instalacións e agrupar puntos a tanto alzado unindo as instalacións existentes ou creando novos cadros onde sexa necesario, tendo un gran potencial de aforro, acadando a total renovación do alumeado público, cifrándose na cantidade de 1.648.326.- euros, dos que a achega municipal ascende á 329.665.- euros, e conclúe que o investimento estaría amortizado en menos de dous anos e medio.-

A sra. Bolaño Fariñas anuncia que o seu voto vai ser favorable, que están de acordo co aforro enerxético e que deberían ter unha planificación para ver, a catro anos vista, as actuacións presentes e futuras a realizar, de cara a acadar unha eficiencia enerxética.-

A sra. Pose Varela salienta que se van abster porque a memoria refire diversas actuacións, figurando só o punto 1, pero non os 5 restantes, faltando os puntos 2 a 6, e engade que non hai ningún proxecto, e a memoria non está asinada por técnico ningún e igualmente se pregunta se o cambio de bombillas é un exemplo de obras singulares, e di que na páxina 56 da memoria figura a marca *invertronics*, como ocorreu na adquisición do camión de saneamento, e refire que nos puntos 5 e 6 aparece Osedo e bota de menos Fontán, que descoñece se está cambiado, porque non lles dá moita garantía o procedemento.-

O sr. Fariña Andrade respóstalle á sra. Bolaño Fariñas que se trata do cambio da totalidade das farolas, das que faltan, non hai zonas específicas; e á sra. Pose Varela que se trata dunha memoria valorada feita por un técnico, e que se aparece un nome é como exemplo de modelo de farola, pero se definirá máis adiante.-

A sra. Pose Varela volve a insistir que recibiron a memoria do punto 1, pero non así os 5 restantes.-

O sr. Alcalde insiste en que existen seis memorias, e nelas ven o custe dos proxectos, que tamén está subvencionado, os cales serán contratados unha vez que, de ser o caso, se conceda a subvención, liña que

agora non está limitada a un millón de euros. Engade que Fontán xa está na primeira fase e respecto a Osedo é unha parroquia moi ampla que pode ir en varios proxectos.-

Debatido o asunto, adóptase por doce votos a favor (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV), ningún voto en contra, e 4 abstencións (4 PP) o seguinte acordo:

1º.- Participar e aceptar expresamente o procedemento do Real Decreto 316/2019 de 26 de abril, polo que se modifica o R.D. 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a una economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, e presentar ante o IDAE (Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía) solicitude para participar no procedemento e a concesión da subvención máxima prevista na norma para cada un dos proxectos que se relacionan no apartado seguinte.-

2º.- As actuacións para as que se solicita subvención, condicionadas á obtención de cofinanciamento FEDER para a aprobación da modificación orzamentaria para levalas a cabo segundo memorias descritivas anexas, son as seguintes:

Nº	Denominación actuación	Orzamento total	Subvención que se solicita (80%)
1	Proxecto de aforro e eficiencia enerxética no alumbrado público nas zonas de Praia, Betanzos, Praza Pescadería, Souto, Costa-Coiro, Mandín, Campo do Sar, Espírito Santo NVI, Vilar, Souto da Igrexa, Cimás, Os tornos e Piñeiro	273.777,14.- €	219.021,71.- €
2	Proxecto de aforro e eficiencia enerxética no alumbrado público nas zonas de O Valo, Amexeiral, A Esperela, Mosteirón, Agra, Campo das Mantas, Chan da Aldea, Carta, Cirro, Quintán, A Cañota, Fortiñón e Vertín	287.509,36.- €	230.007,49.- €
3	Proxecto de aforro e eficiencia enerxética no alumbrado público nas zonas de Quintán, Fortiñón, Lácere, Pé do Muiño, Fraga Veigue, Valexa, Cirro, Piñeiro, Casteliño, Seixeda Tarabelo, A Fraga, Riobao, A Lamela, Taibó e Os Agrelos	268.629,90.- €	214.903,92.- €
4	Proxecto de aforro e eficiencia enerxética no alumbrado público nas zonas de Pazos, A Pedreira, Seixo, Sadarriba, Castelo, Mandín e Pé do Muiño	276.010,55.- €	220.808,44.- €
5	Proxecto de aforro e eficiencia enerxética no alumbrado público nas zonas de Osedo, Centro ocupacional, O Castro, Samoedo, Cambade, laguna, Braña, Xoan Vicente Viqueira, Sada Armuño, Arxentina e Sadadarea	268.774,48.- €	215.019,58.- €
6	Proxecto de aforro e eficiencia enerxética no alumbrado público nas zonas de Obra, Telleiras, Tarabelo, Compostela, Párroco Villanueva, Burreiros, Fiunchedo, Camiño Figueiras, Callejón Alba, Villablanca, Ballestas Noroeste, P.I. Arco Iris, As Valías, Osedo, Castelo, Aldea Machado e Quintán	273.625,60.- €	218.900,48.- €

3º.- Adoptar o compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar os proxectos anteditos, no caso de resultar seleccionados e obter as subvencións solicitadas.-

4º.- Aceptar todos os compromisos e obrigas recollidos no Real Decreto 616/2017 do 16 de xuño e R.D. 316/2019, do 26 de abril, que modifica o R.D. 616/2017, de 16 de xuño.-

3º.- PAI 2016.- Aprobación modificación pregos de prescricións técnicas para a subministración de vehículos (2 camiões en chasis e 1 furgoneta pick-up).-

O sr. Fariña Andrade comeza sinalando que se trae a Pleno a modificación dos pregos de prescricións técnicas para a subministración de 2 camiões en chasis e 1 furgoneta pick-up, xa que anteriormente a súa contratación quedou deserta, debendo sinalar que no PAI non se pode variar nin o orzamento, nin tampouco o importe das achegas establecidas, polo que se trae a Pleno para adquirir os vehículos e posteriormente equipalos e dotalos cos accesorios precisos para realizar as súas tarefas, renovando así a frota de vehículos do Concello de Sada, mellorando o servizo e optimizando o labor dos operarios que na actualidade empregan vehículos con bastantes anos de antigüidade.-

O sr. Tellado Villares sulña que o Plan de Aforro e Investimento (PAI) é de marzo de 2016, que quedaron desertas as licitacións e 4 anos despois traen de novo a Pleno estos investimentos en maquinaria que xa eran precisas daquela, e o informe sinala que a licitación que saíu en 2016 non era viable, que estaba mal feito o prego, e agora traen un novo prego sen equipamento, e volverán outro día para habilitar crédito para equipar os ditos vehículos, e anuncia que se absterán.-

O sr. Fariña Andrade resposta que os trámites administrativos son tan densos e tan lentos que cando se redactan os pregos, que os modelos e novidades no mercado varían.

O sr. Tellado Villares lembra que nese PAI ía un automóbil para a Policía Local e outro vehículo, polo que estes tres vehículos xa terían que ter sido subministrados.-

Debatido o asunto, adóptase por doce votos a favor (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV), ningún voto en contra, e 4 abstencións (4 PP) o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación dos pregos de prescricións técnicas para a subministración dos seguintes vehículos incluídos no PAI 2016:

- 1 camión en chasis (anteriormente camión con caixa aberta non basculante máis guindastre) para a brigada de obras e servizos, cun orzamento total de 30.000 € (prezo s/IVE: 24.793,39 €, IVE: 5.206,61 €).-

- 1 camión en chasis (anteriormente camión con caixa volquete) para a brigada de obras e servizos, cun orzamento total de 30.000 € (prezo s/IVE: 24.793,39 €, IVE: 5.206,61 €).-

- 1 furgoneta Pick-Up para o Servizo de Emerxencias Municipais, cun orzamento total de 30.000 € (prezo s/IVE: 24.793,39 €, IVE: 5.206,61 €).-

2º.- Dar conta deste acordo á Excma. Deputación Provincial.-

4º.- Corrección da modificación do prego de prescricións técnicas para a adquisición dun camión de saneamento, incluído no POS+2017.-

O sr. Fariña Andrade comeza indicando que tráese a Pleno a modificación do prego de prescricións técnicas para a adquisición dun camión de saneamento, dado que no anterior Pleno non se concretou ese prazo de entrega, establecéndose agora un prazo máximo de 14 meses, prazo que as empresas do sector non poden garantir un prazo de tempo inferior, dada a especialidade e a complexidade do equipamento, que é preciso para o servizo de saneamento municipal.-

A sra. Bolaño Fariñas sinala que se trae a Pleno a modificación do prego por terceira vez, e considera que hai que valorar e cambiar a forma de traballar e votarán a favor.-

O sr. Tellado Villares salienta que no expediente se modificou cinco veces o prego, a ver se non ten que volver outra vez a Pleno para ser modificado, e lembra que ese POS é de febreiro de 2017, case tres anos, e están para aprobar a corrección da aprobación da corrección da aprobación, despois de cinco pregos diferentes, e sinala que no ditame da Comisión Informativa existe tamén outro erro, figura por un lado, 10 votos a favor (6 SM, 2 BNG e 2 AV), e 7 abstencións (5 PP e 2 PSOE), e a continuación indícase: doce votos a favor (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV), e 5 abstencións (5 PP), e anuncia que o seu voto vai ser a abstención.-

O sr. Fariña Andrade resposta que entende as críticas, pero engade que se trata dun prego bastante técnico, que hai que ser un especialista en vehículos pesados e en equipamentos relativos a estes vehículos, pero se cometen equivocacións traballando e outros non cometían erros porque non traballaban.-

O sr. Tellado Villares coméntalle que cando non ten razón, bóttalle a culpa a outras cousas.-

Debatido o asunto, adóptase por doce votos a favor (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV), ningún voto en contra, e 4 abstencións (4 PP) o seguinte acordo:

1.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para a adquisición dun camión de saneamento, incluído no POS+217, corrixindo o prazo de entrega do camión de saneamento, cun orzamento total de 127.225,45 €, redactado polo enxeñeiro técnico municipal D. Valentín Medina Prieto.-

2.- Darlle traslado deste acordo á Excma. Deputación Provincial.-

5º.- Modificación de crédito 31/19. Crédito extraordinario 05/19: execución subsidiaria de demolición de edificio en Fiunchedo, 6.-

O sr. Montouto Pérez comeza explicando que se trae a Pleno unha modificación de crédito para dotar mediante execución orzamentaria e proceder á demolición do edificio situado no Camiño de Fiunchedo, núm. 6, existe unha sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 da Coruña do 26 de xullo de 2013 (PO 333/2008), confirmada pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 13 de novembro de 2014 (rec. Nº 4537/2013), ordenou a demolición dos dous edificios obxecto da licenza nº 653/2005: bloque 1 - Avenida de Sada e sus Contornos, núm. 3; e bloque 2 - Camiño de Fiunchedo núm. 6. En execución da dita sentenza séguense no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 da Coruña o procedemento de execución de títulos xudiciais nº 30/2015), cuxo antecedente máis recente é o Auto de 16/10/2019 no que, co antecedente do previo Auto de 06/07/2018 (que fixaba no 01/09/2019 a data máxima para proceder á demolición dos edificios), fixa agora mesmo un novo prazo do 30 de abril de 2020 para a demolición efectiva dos edificios, e obrigando á Alcaldía a informar ao Xulgado o actuado dentro da primeira quincena dos meses de novembro deste ano, así como dos meses de xaneiro e marzo do 2020. Por ese mesmo Auto impúxose unha multa coercitiva de cinco centos euros ao Alcalde do Concello de Sada, por non terse realizado todas as actuacións necesarias para o cumprimento da sentenza, recorrida en apelación. O bloque 2 conta con 38 vivendas e garaxes parcialmente ocupado con residentes, e figura no Plan Xeral nun Plan Especial para rematar o Camiño de Fiunchedo, dado continuidade ao camiño público existente. O bloque 1 tamén está afectado pola execución desta sentenza, e está recorrida á anulación da licenza de legalización, aínda en fase xudicial, polo que non se incorpora a súa demolición a este expediente. O informe de Intervención do 12 de setembro de 2019 recomenda previa a tramitación dun crédito extraordinario con cargo ao remanente de tesoureira. Non existe o crédito adecuado e suficiente, polo que 736.916,40.- euros, segundo o proxecto redactado estimándose un prazo de 9 meses, logo da aprobación se contratará a demolición e se executará. O Concello de Sada xa lle liquidou á promotora e está a tramitar un recurso por esta liquidación, pero en ningún caso presupón un recoñecemento de responsabilidade patrimonial polo Concello dado que, polo criterio municipal, está acreditada a actuación culposa e negligente da promotora no outorgamento da licenza. Informouse aos propietarios dos dous edificios, sobre a situación dos mesmos e sobre a situación derivada da sentenza.-

A sra. Pardo Fafián salienta que hai un proxecto de demolición dun edificio de 38 vivendas e garaxes datado en abril de 2018, un informe de Intervención, que ademais da fórmula elixida, fala de dúas fórmulas máis e esete informe é de 14 de xaneiro de 2019, fai 9 meses, con cargo a unha ampliación de crédito con cargo ás liquidacións por execución subsidiaria, por transferencia de crédito e por crédito extraordinario con cargo ao remanente de tesoureira, ocasionará inestabilidade orzamentaria nas contas municipais nun importe elevado. Outro informe de 28 de outubro, dada a premura, pero na memoria de Alcaldía dise que en 11 meses ven tería tempo de traer a Pleno uns orzamentos, levan un ano sen orzamento, e votarán a favor.-

A sra. García Freire comeza dicindo que eles tamén teñen unha exposición que tamén lla van completar un pouquiño, porque lle parece que se olvidou dalgunha parte da historia, e continúa indicando que o presente expediente modificativo de crédito é consecuencia dun longo proceso de circunstancias adversas, que teñan a súa orixe na sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 da Coruña de 26 de xullo de 2013 anulou a licenza 653/2005, e tamén o acordo de 17 de decembro de 2009 que declarou caducado o expediente da caducidade da licenza 286/2008, se se tivera feito caso ao informe do técnico de Administración Xeral non se tería construído ese edificio, e se incumpriu a Ordenación Urbanística Provisional, vixente naquel momento, que só permitía vivendas unifamiliares, dende aquel non hai máis que dilacións, inxustificacións, improvisacións e recursos, sinalando o propio xulgado que o procedemento sancionador nin tan sequera se tivera iniciado, pese a que sentenza se ditara 18 meses antes, impondo ao sr. Alcalde para que inicie, tramite e resolva, ou a extensa relación de dilacións relatadas polo avogado contratado polo Concello, entre as que non figuran os cambios no PXOM para favorecer a legalización dese edificio, tipoloxía inapropiada, incremento da edificabilidade

ata a necesaria, incremento das alturas, tampouco figura o intento de cambio de sistema de xestión a cooperación, tampouco as reunións co representante do promotor e dos propietarios das parcelas incluídas no ámbito para favorecer o acordo. O pasado mes de outubro o xuíz cumpriu co advertido no auto e sancionou ao sr. Alcalde cunha multa de cinco centos euros por non cumprir polo requirido no auto do 23 de maio de 2016, probablemente non será a única, por razóns obvias. Partindo da base de que as resolucións xudiciais hai que cumprilas; de que non estaban no Goberno de 2015, e estaba o PDSP, que outorgou a licenza anulada; non estaban tampouco no Goberno de 2009, bipartito PSOE-BNG, que non declarou a caducidade da licenza, e outorgou unha adicional, polo que se absterán sabendo que a súa postura non impedirá a aprobación do modificativo de crédito.-

O sr. Montouto engade que sobre este asunto xa informaron reiteradamente nos Plenos dos mandatos anteriores, e cando se refire á caducidade da licenza, que non existía, sí que comenta que o que non se fixo foi acceder á solicitude de revisión de oficio dun concelleiro do BNG e se outorgou a licenza e se rexeitou expresamente a solicitude de revisión da dita licenza, e que si que se incoou o expediente sancionador, pero que o xulgado, por un erro administrativo, non tiña constancia do mesmo, de feito na Providencia do 22 de xuño de 2016 se recoñece inicio do seu cumprimento, pero sucede que pese a dar unha licenza cun proxecto anómalo, e consentido por quen levou este Concello á ruína, seguen dando pasos para executar esa sentenza, sendo tan urxente a súa execución en xaneiro como agora. Ocorre que había unha serie de tramitación tanto procesual como administrativa que non houbera de momento que consignar eses cartos, porque se lle requiriu aos promotores, que teñen que demoler o edificio, o Concello o fai subsidiariamente, por iso están nun contencioso contra o concello, é moi doloroso reunirse cos veciños e dicirlles que se vai tirar o seu edificios, agradecendo as explicacións, tanto aso do bloque 1, como o do bloque 2, a ver se poden resolver o problema do bloque 1, que no Plan Xeral do PP ía como solo urbano consolidado, que non eran como o Alcalde Anido, que se había que demolelo se demolería e aí se quedarían, pero hai unhas responsabilidades patrimoniais, e o Concello conseguiu non ter que impoñer unha garantía de 4 millóns de euros.-

A sra. Bolaño Fariñas recorda que existía unha posible esixencia de constituír unha garantía de 4 millóns euros e lembra que os responsables das desfeitas xa non están no Salón de Plenos pero puxeron dous Alcaldes, un do PP e outro de Sadamaioría.-

A sra. García Freire lembra que no ano 2012 cando se expuxo o PXOM e non había sentenza firme, e engade que lles toca arranxar este tema e que tamén lles tocou cordialmente gobernar durante 4 anos cos responsables desta situación, e é verdade que lle deron á Alcaldía ao PP, pero o PP expulsounos do Goberno cando soubo como funcionaban, que lles valeron máis de 60 denuncias ao sr. Anido Varela e unha máis á sra. Salorio Porral, polo que se absterán.-

O sr. Alcalde agradece o grande traballo que está facendo a Concellería de Urbanismo neste e noutros temas, sendo perfectos coñecedores do estado do Urbanismo cando se presentaron ás eleccións, e reitera o agradecemento á Concellería de Urbanismo, do sr. Montouto Pérez e dos técnicos que están nesa Concellería que están intentando resolver temas como este e como outros, en defensa dos intereses dos veciños, e outros que foron resoltos nos últimos catro anos, e quere agradecer á xente que, aínda que non sexan boas novas, o agradece.-

Debatido o asunto, adóptase por doce votos a favor (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV), ningún voto en contra, e 4 abstencións (4 PP) o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 31/2019, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 736.916,40 €:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
151.22624	Urbanismo. Execucións subsidiarias	736916,4
Total		736916,4

Estado de ingresos:

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	736916,4
Total		736916,4

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados

poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.-

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.-

Cuarto.- Notificar a aprobación inicial do presente expediente de modificación de créditos 31/2019 ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 da Coruña, aos propietarios individuais do edificio sito no Camiño de Fiunchedo nº 6 así como á Comunidade de Propietarios do edificio sito no Camiño de Fiunchedo nº 6, e as entidades “O Meu lar S.L.” e “Inversiones Cabriales S.L.”.-

6º.- Modificación da Ordenanza fiscal núm. 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis.-

O sr. Alcalde salienta que se trata dunha moción que presentou o PP e que decidiu incluír como punto na Orde do Día pola suficiente relevancia e interese para o Concello de Sada.-

A sra. Salorio Porral comeza sinalando que debeu ser debatida no Pleno anterior, pero como non era de carácter ordinario, senón extraordinario, non se fixo e dá lectura á moción presentada. Así unha vivenda cun valor catastral de 40.000 euros paga 200 euros, coa bonificación xa aprobada para 2020, 2021 e 2022 pasará a pagar 206 euros ea partir de 2023 pagará o dobre, polo que, aproveitando a modificación da ordenanza fiscal, para incluír a bonificación, reducindo o tipo impositivo ao mínimo legal do 0,50% ao 0,40%.-

A sra. Taibo Fernández lembra que na anterior sesión plenaria se acordou aprobar a bonificación potestativa do IBI para os tres vindeiros anos, tempo máximo establecido pola Lei reguladora das facendas locais, e a sra. Salorio Porral dicía naquela sesión plenaria que se deixaba o “marrón” para quen gobernase a partir de 2023, e lembra que o PP subiu o tipo impositivo do 0,48% ao 0,60%, cando tiveron a posibilidade de baixalo e non o fixeron, e recorda que o actual Goberno en 2015 o baixou ao 0,50%. Engade que no ano 2019 foron 5 os concellos da provincia da Coruña que tiveron revisión catastral: Camariñas, Laxe, Abegondo, Pontedeume e Sada, nos que a Xerencia Territorial do Catastro levou a cabo un procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, dos cinco concellos, só en Sada se levou a cabo algún tipo de medida para contrarrestar esa suba, aproveitando a bonificación potestativa xa sinalada, tendo, ademais, Sada o tipo impositivo máis baixo, o 0,50%, fronte ao 0,55% de Pontedeume, ou o 0,60% de Camariñas e Laxe, e se trata tamén dun tipo impositivo máis baixo que o resto de concellos da área metropolitana da Coruña: Culleredo 0,56%; Carral 0,60%; A Coruña 0,60%, Oleiros 0,605%, habendo excepcións como Arteixo e Bergondo, pero este teñen moita superficie de solo industrial, polígonos, en Arteixo a refinaría, etc. Adoptarán medidas sostibles, apoiadas por informes dos Servizos Económicos que incidan as medidas nas arcas públicas e o seu impacto nos contribuíntes, co obxectivo do equilibrio orzamentario que garantan servizos públicos de calidade. Refírese que a suba do valor catastral ía afectar aos diferentes impostos: no imposto da renda, no que o hai que incluír, pero non din que no IRPF a vivenda habitual non ten ningunha incidencia, só se declara a efectos de control e información; outra cousa é ter unha segunda vivenda que non xere renda, que tributará polo réxime xeral de imputación de rendas; no imposto de Patrimonio está exenta ata un valor máximo de 300.000 euros; no imposto de sucesións a base reducible sitúase entre un 95 e un 100% cun límite de 600.000.- euros, e conclúe que o seu voto vai ser en contra.-

A sra. Bolaño Fariñas bota en falta os informes económicos, de Intervención e dos técnicos, para poder valorar que supón esta medida para o Concello de Sada, para manter o equilibrio económico-financieiro do Concello de Sada. Consideran que adoptar esta medida sen ningún tipo de información económica non é responsable pola súa parte, e consideran que se trata dunha moción que se converteu en punto da Orde do Día, pero que vén baleira de contido se non se inclúen eses informes. E recorda que en Sada existe solo industrial, o polígono Arco Iris, que o Goberno debería investir tempo en realizar propostas políticas, económicas e industriais, e anuncia que se absterán.-

A sra. Salorio Porral lembra que subiron o tipo impositivo do 0,48% ao 0,50% porque a situación económica naquel momento era terrible, con 4.000.000.- euros de gastos pendentes no caixón municipal, pero houbo un retraso, un “olvido” ou un despiste e esa situación fixo que o IBI subira ao 0,60%, pola Orde do Ministerio de Facenda. Continúa dicindo que o que eles propoñen non é incompatible coa medida que plantexou o Goberno na sesión plenaria anterior e que foi aprobada, de cara a 2023. Di que eles non teñen representación suficiente para poder pedir os informes, como dixo con anterioridade a

sra. Bolaño Fariñas, noutras ocasións le foi denegada a dita petición. Pretenden optimizar a regulación da ordenanza, e que o seguirán intentando.-

O sr. Alcalde dille que o incremento non é o do 100%, senón do 50%, nese caso sería do 10% anual, e o artigo 72.6 da Lei reguladora das facendas locais terían que ter comunicado á Xerencia Territorial do catastro antes do 1 de xullo pasado, polo que para o vindeiro ano non tería aplicación, e insiste que no 2011 non tomaron a decisión de baixar do 0,48% ata o 0,40%, e quere que a tomen agora outros. Anuncia que para 2023 hai que tocar o tipo para ir atenuando a suba, polo que se terá que tomar unha decisión.-

Debatido o asunto, apróbase por catro votos a favor (4 PP), dez votos en contra (6 SM, 2 BNG e 2 AV), e 2 abstencións (2 PSOE), polo que non se adopta acordo ningún por non reunir a maioría mínima suficiente.-

Control de Órganos de Goberno:

7º.- Informes e comunicacións.-

7.1º.- O sr. Alcalde dá conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia no período comprendido entre o 23/09/2019 e o 03/10/2019.-

7.2º.- O sr. Alcalde continúa sinalando que hai un Certificado do Secretario do Pleno do Concello da Coruña do acordo de iniciativa para a creación da Área metropolitana da Coruña.-

7.3º.- O sr. Alcalde dá conta da renuncia presentada por D. Manuel López Losada, como concelleiro, agradecéndolle todos estes meses que estivo na Corporación Municipal facendo un traballo sempre moi cordial. Igualmente refire que renunciaron os seguintes da lista do PP para as eleccións municipais D. Enrique Castro Suárez e D^a. Nuria Meirama Lorenzo.-

8º.- Mocións.-

O sr. Alcalde di que hai varias mocións presentadas en tempo e forma.-

8.1º.- Moción presentada polo grupo municipal do PSOE con motivo do día 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, para a súa consideración, debate e posterior aprobación polo Pleno do Concello de Sada.-

A sra. Bolaño Fariñas sinala que a día de hoxe xa non son 49, senón 66 as vítimas de violencia de xénero.-

Sometida a votación a urxencia da moción, a mesma resulta aprobada por unanimidade.-

A sra. Bolaño Fariñas dá lectura á moción presentada, rematando a súa lectura a sra. Pardo Fafián.-

O sr. Alcalde anuncia que hai unha enmenda de adición.-

A sra. Reimúndez Suárez anuncia que concordan coa exposición de motivos e que é importante que a violencia de xénero estea na axenda política, e dá lectura á enmenda de adición.-

A sra. Bolaño Fariñas comenta que están a favor da enmenda e que a sra. Reimúndez Suárez terá o apoio do PSOE nas políticas de igualdade nos orzamentos do ano 2020.-

A sra. Pose Varela comenta que están a favor da moción do PSOE, e fala do I Pacto contra a Violencia de Xénero, e que non están de acordo coa enmenda da sra. Reimúndez Suárez.-

O sr. Alcalde clarifica que se trata da enmenda do Goberno.-

A sra. Pose Varela continúa indicando que non poden estar de acordo coa enmenda do Goberno, porque a Xunta é un exemplo de xénero contra a violencia de xénero e un referente a nivel nacional.-

A sra. Reimúndez Suárez salienta que o PP non apoie a enmenda, cando sinala que diversos movementos incluíron a violencia sexual na axenda política.-

Debatido o asunto, sométese a enmenda a votación, adóptase por doce votos a favor (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV), 4 votos en contra (4 PP) e ningunha abstención o seguinte acordo:

1º.- Seguir poñendo en valor dende este concello as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero no marco das súas competencias, así como o seu seguimento, para o obxectivo de combater a violencia contra as mulleres.-

2º.- Manifestar a nosa repulsa a todas as formas de violencia sobre as mulleres, o noso compromiso coas vítimas e declarar a este municipio “Tolerancia cero cos maltradores”.-

3º.- Expresar o rechazo a calquera posicionamento político que propugne a negación da existencia da violencia de xénero ou rechace a validez das políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.-

4º.- Apoiar ás organizacións e grupos de mulleres e aos defensores dos dereitos da muller que actuaron como catalizadores e líderes dos avances lexislativos e políticos na última década no que respecta á evolución e á práctica dos dereitos das mulleres.-

5º.- No marco do reforzo das iniciativas para combater esta lacra, dende este concello nos comprometimos a impulsar a aplicación da Lei 11/2007 así como as estratexias e plans vixentes a nivel autonómico, en coordinación con todos os poderes públicos.-

6º.- Dialogar co asociacionismo e feminismo emerxente local para dar conta das súas demandas.-

7º.- Demandar da Xunta de Galiza a mellora da atención e prevención da violencia machista e, particularmente, da violencia sexual, adoptando as seguintes medidas: a) Garantir a gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual por ser vítimas de violencia machista e impulsar unha campaña específica para informar da existencia deste recurso.-

- Promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local,...).-

- Constituír unha mesa de traballo na que se avalíe, xunto cunha representación do ámbito xudicial, policial e forense, a casuística das denuncias en Galiza por agresión sexual, de cara a analizar posíbeis fallos na cadea de atendimento e intervir no seu baixo número.-

- Desenvolver un protocolo específico de atención á violencia sexual, con especial atención ao ámbito xudicial.-

- Impulsar iniciativas no campo da prevención e sensibilización da mocidade, a comezar pola extensión, antes do remate de 2020, a todos os centros de educación secundaria do país de obradoiros específicos sobre o consentimento co obxectivo de contribuír a superar a preeminencia da pornografía como referente formativo na mocidade galega; así como desenvolver as actuacións necesarias para incorporar contidos coeducativos transversais de superación da dominación sexual en todas as fases educativas.-

8.2º.- Moción presentada polo grupo municipal do PP de apoio ao sector mar-industria alimentario da comarca fronte ao proxecto de reforma da lexislación de costas.-

A sra. Pose Varela xustifica a urxencia da moción presentada o 6 de novembro de 2019 (rexistro de saída núm. 7965/2019).-

Sometida a votación a urxencia da moción, a mesma resulta aprobada por catorce votos a favor (6 SM, 5 PP, 2 BNG e 2 AV) e 2 votos en contra (2 PSOE).-

A sra. Pose Varela dá lectura á moción presentada.-

A sra. Reimúndez Suárez sulíña que se trata dunha moción claramente oportunista, demagóxica e electoralista, habendo un Goberno en funcións, porque estamos a tres días das eleccións ás Cortes Xerais, e que o verdadeiro perigo non é a modificación da Lei de costas, senón á lei de acuicultura e marisqueo tradicional, cando a ameaza para as bateas e os parques de cultivo son a alteración dos cauces dos ríos cos encoros, ou os proxectos mineiros, e a prórroga de ENCE na ría de Pontevedra.-

A sra. Bolaño Fariñas aclara que as mocións son dun grupo político, non do Goberno Municipal, e suscribe o dito pola sra. Reimúndez Suárez, e fala de coidado coas alusións oportunistas, e engade que non queren entrar en electoralismos e fala da chegada do AVE a Galicia, e sinala que as mocións as recibiron na mañá no día de hoxe, dicindo que é un esforzo de Secretaría, especialmente do persoal do Rexistro Xeral facerllas chegar con maior antelación.-

A sra. Pose Varela respóstalle á sra. Reimúndez Suárez considera que non se trata dunha moción claramente oportunista, demagóxica e electoralista, e engade que é mellor pechar ENCE que facer unha depuradora en Pontevedra, onde non a hai, e á sra. Bolaño Fariñas dille que é o momento antes de que se aprobe o Regulamento que desenvolva a Lei de costas.-

O sr. Alcalde matiza que non están de acordo que o Goberno en funcións tramite por urxencia este proxecto, nen prorrogar a ENCE na ría de Pontevedra, nen comparar a ENCE cunha conserveira tradicional, e considera que a depuradora que a faga quen a ten que facer, non a cidadanía de Pontevedra, senón que a faga ENCE como multinacional que é.-

Debatido o asunto, resultan catro votos a favor (4 PP), doce votos en contra (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV), e ningunha abstención, polo que non se adopta acordo ningún.-

O sr. Alcalde sinala que o sr. Secretario Accidental quere intervir por alusións.-

O sr. Secretario sulíña que todas as mocións foron remitidas no día de onte, ás 15 horas e dous minutos.-

A sra. Pose Varela quere que o sr. Secretario lle aclare se tamén dispón das cinco memorias que non lle fixeron chegar.-

8.3º.- Moción presentada polo grupo municipal do PP de apoio e recoñecemento do labor que realizan as forzas e corpos de seguridade do Estado en Cataluña.-

A sra. García Freire lembra que tiñan unha declaración institucional para o Pleno do mes pasado, que non Ordinario, e que non houbo consenso, e xustifica a urxencia da moción presentada o 6 de novembro de 2019 (rexistro de saída núm. 7968/2019).-

Sometida a votación a urxencia da moción, a mesma resulta aprobada por unanimidade.-

A sra. García Freire dá lectura á moción presentada.-

A sra. Nogareda Marzoa salienta que dende AV condenan a todo tipo de violencia e solidariedade coa cidadanía que está sufrindo unha situación, que terá o seu fin con vontade política.-

A sra. Rodríguez Pena fala de pronunciamento público do BNG, que condenan todo tipo de violencia, e a pronta recuperación das persoas feridas, pola sentenza do process, considera que se trata dunha moción electoralista, polo que votarán en contra.-

A sra. Bolaño Fariñas amosa a súa solidariedade cos corpos e forzas de seguridade do Estado, por saltarse as normas, que se trata dunha moción política, considera que a solución en Cataluña ten que vir pola vía do diálogo.-

O sr. Montouto Pérez concorda coas verbas da sra. Rodríguez Pena, e fala que non hai división de poderes, senón de división do traballo, e que eles sempre apoiarán estas cuestións.-

A sra. García Freire insiste na proposta de condenar a violencia e apoiar aos corpos e forzas de seguridade do Estado, e á sra. Rodríguez Pena dille que se foi unha película.-

A sra. Rodríguez Pena resposta que ela non fala de películas, senón que se cinco millón de persoas foran violentas as consecuencias terían sido outras, recoñeceu que houbo actos violentos e solidarizáronse coas vítimas.-

A sra. Bolaño Fariñas condena os actos violentos, condenando todo tipo de violencia, e que é diferente quen recibe a violencia por realizar o seu traballo que quen recibe a violencia de maneira libre, e hai que distinguir a moita xente sentada pacíficamente e outros en pé que se achegaban violentamente. Engade que o marco de convivencia vén determinada polas normas das que cada parlamento se dota e que as sentenzas poden gustar ou non, pero hai que acatalas.-

A sra. García Freire reitera que o obxectivo da moción era condenar á violencia e apoiar aos corpos e forzas de seguridade, e que as manifestacións non implican nin a violencia nin a perturbación da vida das demais persoas.-

O sr. Alcalde expresa e recorda que esas forzas de seguridade tiveron que ir a traballar a Cataluña porque outros non afrontaron o diálogo nin cun Goberno, nin con outro, e fala de presos políticos, e que hai experiencias en Europa, como en Gran Bretaña onde se permitiu un referéndum en Escocia, en Irlanda do Norte, ou incluso en Kosovo, con declaración de independencia ratificada pola ONU seis anos despois, habendo políticos presos, cando o sr. Urdangarín pode saír en terceiro grado do cárcere.-

Debatido o asunto, resultan catro votos a favor (4 PP), dez votos en contra (6 SM, 2 BNG e 2 AV), e 2 abstencións (2 PSOE), polo que non se adopta acordo ningún.-

8.4º.- Moción presentada polos grupos municipais de SM, BNG e AV de inclusión de máis investimentos relativos a Sada nos orzamentos da Xunta de Galicia 2020.-

O sr. Montouto Pérez anuncia que traen a mesma moción do ano pasado, que foi enmendada polo PSOE, e así xustifica a urxencia da moción presentada o 6 de novembro de 2019 (rexistro de saída núm. 7973/2019).-

Sometida a votación a urxencia da moción, a mesma resulta aprobada por maioría de quince votos (non por unanimidade porque a sra. Bolaño Fariñas abandona temporalmente o Salón de Plenos).-

O sr. Montouto dá lectura á moción presentada por SM, BNG e AV.-

A sra. Nogareda Marzoa engade que os centros educativos do termo municipal son moi antigos e teñen necesidades estruturais e importantes, o CEIP O Mosteirón necesita tratamento na súa fachada e na súa cuberta, reformas que son precisas levar a cabo por parte da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.-

A sra. Reimúndez Suárez fala de moción conxunta do Goberno, todo o que se reclama é necesario para Sada e comprométese a trasladar ao seu grupo parlamentar todas estas medidas.-

A sra. Bolaño Fariñas comeza indicando que esta moción foi presentada o ano pasado por SM, o PSOE presentou unha enmenda, porque foi aprobada por todos os grupos salvo o PP, e incide que se trata dunha moción exactamente copiada, polo que votarán a favor, dado que están de acordo coa sra. Nogareda Marzoa de que o investimento municipal en infraestruturas educativas en Sada foi moi grande e a Xunta de Galicia escapa das súas competencias en relación coas estradas, coas infraestruturas, coas sendas peonís, etc.-

A sra. Salorio Porral salienta que o orzamento da Xunta de Galicia afecta aos 311 municipios, e a máis de 7 millóns de persoas e di que a cidadanía sadense tamén se favorece das partidas xenéricas como poden ser a ampliación da Vía Ártabra, do CHUAC, de axuda a domicilio, centros de día, xeriátricos, etc., as de igualdade e violencia de xénero, redución do imposto de sucesións e doazóns, tarxeta vida, tarxeta de transporte. Engade que, para que haxa investimentos da Xunta de Galicia en Sada, hai que presentar proxectos e non protestar e poñer pancartas, así en relación co CEIP Sada y sus Contornos dille ao Goberno que non expropiaron executando o Plan, e que o Centro de Saúde é municipal, polo que non procede pedir o mantemento á Xunta de Galicia, piden un segundo pediatra, pero non hai pediatras en Galicia, que o único problema que ten ese centro é a ubicación e o aparcamento, pero conta con máis servizos que os doutros concellos; en canto ás beirarrúas da AC-163 sinala que están en trámite de expropiación, mellorando a accesibilidade e seguridade viaria, a canalización do río Maior, logo da reunión coa Conselleira, así como cuantificación da impermeabilización de O Mosteirón, e o mantemento do tellado

O sr. Alcalde lembra que non fixeron nada, e que o ano anterior levaban dúas partidas plan director de saneamento por 249.000.- euros, e a reordenación do Porto de Sada por 250.000.- euros. Engade que o mantemento do centro de saúde está cuantificado en 64.000.- euros e lles transfiren 39.000.- euros. Fala que á reunión coa Conselleira lle levaron o estudo do geoma e ela se comprometeu a que se tiñan unha memoria valorada, que agora xa teñen, lle daban o visto e prace os técnicos da Consellería, e xa existe un levantamento topográfico, de abril de 2016, e xa lle mandaran en maio de 2016 ao entón Presidente de Augas de Galicia e á anterior Conselleira, pero parte dese proxecto pode financiarlo o Concello, sendo preciso un convenio con Augas de Galicia, para a actuación no río, e tamén debería entrar no financiamento a Deputación, porque hai una rúa de competencia provincial, e di que a cuantificación de O Mosteirón en 96.000.- euros, os arranxos no tellado que afectan algunhas a partes estruturais, e conclúe que en tres orzamentos a Xunta de Galicia non poden ter como único investimento o Plan director de saneamento.-

A sra. Bolaño Fariñas quere puntualizar que respecto ao servizo de peadiatría, que exista un segundo profesional, porque non existe un pediatra a tempo completo, o seu horario é de dez a quince horas, así que o segundo podería estar en horario de tarde.-

A sra. Salorio Porral preguntalle ao sr. Alcalde se ten terreos para o CEIP Sada y sus Contornos, para o centro de saúde, ten o proxecto para a substitución dos ovoides, a memoria valorada xa lla enviou á conselleira, e se vai a rúa por riba do río mellor que no financiamento entre a Deputación, porque se trata dun proxecto cuantioso, e preguntalle se ten cuantificados todos estes proxectos que solicita, e dille á sra. Bolaño Fariñas que non existen pediatras suficientes, ningún no desemprego, para que veña a Sada ou a outro sitio, sexa a tempo completo, ou sexa a tempo parcial.-

O sr. Alcalde conclúe o debate sinalando que espera que a Xunta de Galicia cumpra con Sada, e espera que a sra. Salorio Porral apoie algunha enmenda que se presente aos orzamentos.-

Debatido o asunto, adóptase por doce votos a favor (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV), ningún voto en contra, e 4 abstencións (4 PP) o seguinte acordo:

1º.- Demandar da Xunta de Galicia a inclusión no proxecto de lei de orzamentos 2020 dos investimentos relativos á Ampliación do Colexio de Sada e seus contornos e a obra de canalización do Río Maior, obras de mellora no tellado e fachadas do CEIP O Mosteirón, mellorar a seguridade viaria nas vías de competencia autonómica que trascurra dentro dos límites municipais coa creación de sendas peonís, mellora das interseccións nas estradas, implantación de marquesiñas para mellorar o servizo de transporte colectivo de viaxeiros e incrementar a seguridade peonil nas estradas de titularidade da Xunta que discurren polo núcleo urbano.-

2º.- Demandar da Xunta de Galicia a inclusión no proxecto de lei de orzamentos 2020 os investimentos relativos á:

CENTROS EDUCATIVOS.-

Partida económica específica para a redacción do proxecto de Ampliación do CEIP de “Sada y Sus Contornos”, para acometer as obras de levantamento e reposición de toda a carpintería interior do CEIP “Sada y Sus Contornos”, para a reparación e reposición do tellado e lucernario do CEIP Pedro Barrié de la Maza, para a reparación e reposición do tellado do CEIP O Mosteirón, para a substitución da caldeira e a fontanería do CEIP O Mosteirón, así como unha partida económica específica para a habilitación dunha aula adecuada para impartir a materia curricular de música no CEIP O Mosteirón.-

SAÚDE.-

Partida económica específica para a asunción por parte da Consellería correspondente do mantemento do Centro de Saúde de Sada, cumprindo así co acordo da FEGAMP. Así como dotación económica específica para a implantación dun segundo equipo médico de garda no PAC de Sada, unha segunda ambulancia, un segundo pediatra e un segundo fisioterapeuta a tempo completo ademais da creación da praza de segundo fisioterapeuta a tempo completo no PAC de Sada.-

OBRAS E SERVIZOS.-

Partida económica específica para a redacción do proxecto e posterior execución da obra de reparación, ensanchamento e cumprimento coa normativa de accesibilidade das beirarrúas da AC-163 no tramo Sada-Fontán, para a redacción do proxecto e posterior execución de Senda peonil, mellora de iluminación e dotación de servizos na AC-163 dende o cruce coa DP-7504 ao seu paso por Carnoedo (Taibó)-Veigue (A Valexa), para acometer a obra de canalización do Río Maior e aumento da dotación económica para aumentar a frecuencia dos traballos de limpeza dos cauces dos ríos de Sada.-

3º.- Dar traslado do presente acordo aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.-

4º.- Facultar ao sr. Alcalde para que realice cantas xestións sexan necesarias para formalizar o presente acordo.-

9º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Alcalde comeza este punto dicindo que hai un rogo do PP.-

A sra. Salorio Porral dá lectura ao rogo presentado polo PP, en relación coa constitución como parte demandada no Procedemento Ordinario núm. 162/2019.-

O sr. Montouto Pérez lembra que, como dixo no Pleno de 11 de febreiro de 2019, existía un recurso contencioso-administrativo contra a denegación da licenza por non axustarse ao PXOM, e daquela existía unha reclamación de responsabilidade patrimonial en vía administrativa. Agora di que ese recurso foi gañado, e o reclamante interpuxo un segundo recurso contencioso-administrativo contra desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial, de aí que se poña toda a documentación a disposición da defensa legal do concello para a mellor defensa dos intereses municipais.-

A sra. Pardo Fafián di que descoñecen se houbo ou non traslado da documentación, pero que están de acordo que se faciliten, tanto ao letrado, coma aos membros da Corporación, o acceso a todos os expedientes que se solicite.-

A sra. Salorio Porral pregúntalle ao sr. Montouto Pérez se xa se remitiu ao letrado ou aínda se vai remitir.-

O sr. Montouto Péres respóstalle que o letrado ten toda a documentación necesaria para defender os intereses do Concello de Sada.-

O sr. Alcalde continúa indicando que existe unha pregunta do PSOE.-

A sra. Bolaño Fariñas di que dubidaron moito sobre o tema, pero consideran que o Pleno debe dar coñecemento, por este tipo de cuestións, polo que non fixeron unha declaración pública. Deseguido dá lectura á pregunta relativa ao acontecido o sábado 26 de outubro no novo parque infantil do paseo marítimo.-

O sr. Alcalde respóstalle á sra. Bolaño Fariñas que o parque conta con toda clase de homologacións e certificacións necesarias para poder abrílo ao público, produciuse un accidente que fai preciso tomar medidas a o Concello de Sada, que suprimirá ese xogo, como a revisión a maiores do resto dos xogos, como xa fixeran con ocasión de accidentes anteriores, e engade que no Atestado da Policía Local vén toda a información: actuación da PL, do SEM, operario de VIAQUA que facilitou a ferramenta e colaborou no suceso; no expediente de contratación figura o informe da empresa certificadora externa que propiciou que con ese informe se recepcionara o 29 de abril deste ano, todo iso remitiuse, como fan sempre que se producen lesións, ao xulgado para que se depuren as responsabilidade pertinentes. Conclúe que houbo un respecto á menor e a súa familia e que toda a documentación (tanto o Atestado, como o expediente de contratación) a poderán recoller mañá en Secretaría.-

A sra. Bolaño Fariñas formula as preguntas seguintes:

1ª) Pregúntalle ao sr. Montouto Pérez, en relación coa reunión que tiveron no anterior mandato cos veciños de Souto, en Carnoedo, na que obtiveran un compromiso para a ampliación das redes de abastecemento e saneamento, se existe algunha actuación prevista.-

2ª) Pregunta, en relación ao comedor do CEIP Sada y sus Contornos, cal é o custe de xestión que asume o Concello de Sada, se houbo tres orzamentos e se existe algunha taxa ou prezo público a cobrar aos usuarias.-

3ª) Pregunta, en relación ao pavillón polideportivo, urxente antes das eleccións municipais, qué van facer con el, e lémbrales toda actuación require un estudo xeotécnico e sería convinte a instalación dun ascensor.-

4ª) Pregunta qué pasa co proceso de depuración de auga en Sada, cando o 13 de outubro ao final da Avenida República Argentina, e se as pluviais se uniron ás fecais.-

A sra. Pardo Fafián realiza os rogos seguintes:

1ª) Roga que se axilicen os trámites para que dean comezo á maior brevidade posible as actividades para as persoas con diversidade funcional, dado que non é de recibo que a mediados de novembro non se tiveran comezando.-

2ª) Roga que se axilicen os trámites para a entrega do local habilitado para o grupo municipal, accesible fóra de horario laboral, que estea dotado con ordenador, teléfono, impresora e conexión a internet.-

3ª) Roga que, baseándose no artigo 65.3 do ROM, que hai varias preguntas formuladas polo seu grupo municipal que non se respostan: o sr. Montouto Pérez non as responde; a sra. Mondaca González mandoulle hoxe ás 18:34 horas un correo electrónico que non puido ler porque viña conducindo; o sr. Fariña Andrade respondeulle en dúas ocasións, dando lectura ás mesmas, aparte das contradicións; se cumpra o ROM, porque a resposta non é pública, chégalles por escrito, e non é o de recibo que se aboasen 10.000.- euros por un proxecto de 2018 para a rúa Praia, e que agora cómpre comprobar se se adecúa as condicións previstas ao borde litoral de Sada, o que merece unha explicación; plantexa que ou ben se cumpra o ROM ou ben se cambie o ROM.-

4ª) Roga que nos Orzamentos para o ano 2020 que se habilite unha partida para a contratación dun proxecto complementario para a contratación da rúa Praia, que se atopa nun estado lamentable.-

5ª) Roga que, como xa dixeron en varias sesións plenarias, a colación dunha aclaración que fixo o secretario fai varios plenos, que é preciso que os membros do equipo de Goberno traian a solicitude de compatibilidade, porque creen saber que hai varias persoas que así o teñen que facer: a sra. Mondaca González, a sra. Reimúndez Suárez, a sra. Rodríguez Pena, e non sabe se será o caso do sr. Blanco González.-

A sra. Bolaño Fariñas formula unha pregunta e o rogo seguintes:

1ª) Pregúntalle, ao sr. Fariña Andrade, en relación coa obra de execución de beirarrúas en Barrié de la Maza se se fixeron as conexións das baixantes de pluviais coa rede de saneamento, habendo sitios onde a auga sae por riba da beirarrúa e por qué, non sendo o modelo que queren para Sada.-

2ª) Rógalle que, en relación co punto quinto da Orde do Día, se considera xa preciso traer un borrador de orzamentos para Sada, debendo mellorarse a transparencia para Sada, e engade que, vendo a relación de resolucións, se atopan cunha factura do Club Atletismo Sada que ten por concepto a gala do deporte en Sada, sendo unha entidade que non fabrica trofeos, da que foi directiva a sra. Nogareda Marzoa, que fixo en campaña en contra do PSOE; e que está subvencionada polo Concello de Sada.-

A sra. Pose Varela realiza tres rogos:

1ª) Roga que se solicite informe do día de accidente no parque infantil do Paseo Marítimo de Sada, sendo un recoñecemento e que se precinten todos os xogos que non cumpran coa normativa.-

2ª) Rógalle ao sr. Alcalde que lle indique onde están as memorias relativas ao IDAE.-

3ª) Rógalle ao sr. Alcalde que en relación ao cambio de luminarias en Fontán.-

O sr. Alcalde dille que ían na primeira fase, e que están esperando ás autorizacións demaniais para poder instalalas.-

3ª) Rógalle que se instale unha luminaria no Camiño de Ferrer, que non se ve, porque fai anos que existe un cono onde anteriormente había unha farola, e existe unha zona axardinada que se fundiu, e que foi acordonada pola Policía Local, pero que segue igual.-

A sr. Nogareda Marzoa resposta que en relación co tema do comedor, pedíronse máis, de tres ofertas, pero algunhas foron rexeitadas porque non se adecuaban ao que se pedía; en relación ao importe que lle vai supoñer ao Concello de Sada, o prezo do servizo completo son 605.- euros por 41 comensais cada día, existe un prezo público para este ano e, a partir de aí, sacar a licitación, prezo que saíu publicado no boletín oficial da provincia.-

A sra. Bolaño Fariñas pregunta se será un prezo público ou unha taxa.-

O sr. Interventor aclara que entende que para o servizo de comedor ten que ser un prezo público.-

A sra. Nogareda Marzoa continúa respostando que, en relación ao pavillón, houbo un Pleno no que se valoraba a urxencia, sesión plenaria na que o PSOE votou en contra, segue existindo esa urxencia, pero ela é consciente de que se debe plantexar nos orzamentos do vindeiro ano, para evitar modificativos

de crédito continuos; en relación coa factura do Club de Atletismo sinala que a buscará e engade que todo gasto pasa por Intervención, que lle deu o visto e praxe, e dará a explicación pertinente, e lembra que se trata do traballar e buscar a axuda doutras Administracións Públicas, e conclúe indicando que se trata dun clube sen ánimo de lucro e sen remuneración de ningún tipo, tratándose dun clube co que ela pretende botar unha man.-

Non habendo outros asuntos que tratar, sendo as once horas e quince minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario Accidental, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario Accidental que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-

Url: https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html